



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

A Reitoría da Universidade da Coruña resolveu anunciar as seguintes contratacións:

Polo procedemento NEGOCIADO CON PUBLICIDADE e tramitación ORDINARIA		
Expediente	Obxecto do contrato	Presuposto base de licitación
2008/4013	Servizo de seguro de asistencia médica para o Persoal de Administración e Servizos (PAS) funcionario	375,12 € /ano por traballador/a (con IVE)

Obtención de documentación e información:

Os pregos de cláusulas administrativas particulares, os proxectos, as prescricións técnicas e demais documentación complementaria estarán a disposición dos licitadores, durante o prazo de presentación de proposicións:

. no enderezo web: www.udc.es/contratacionadministrativa

. no Servizo de Patrimonio, Inventario e Xestión Económica, de luns a venres e de 9:00 a 14:00 horas, sito en:

Reitoría da Universidade da Coruña
Rúa Maestranza, núm. 9, 1ª planta, 15001-A Coruña
Teléfono: +34 981 167 000 (extensiones 1118, 1038), Fax: + 34 981 167 020
Correo electrónico: seccion.contratacion@udc.es

Presentación das solicitudes de participación:

Para tomar parte no procedemento, os licitadores presentarán a súa solicitude de participación acompañada do " SOBRE A: documentación administrativa" no Rexistro Xeral da Universidade, sito na rúa Maestranza 9, 15001-A Coruña, de luns a venres e ata as 14:00 horas, dos días que se indican deseguido para cada un dos expedientes:

Expedientes	Data límite de presentación
2008/4013	0 décimo día, contado desde o da publicación deste anuncio no perfil do contratante

Apertura das proposicións:

Despois de comprobar a personalidade e a solvencia dos solicitantes, o Servizo de Patrimonio, Inventario e Xestión Económica ou no seu caso a Mesa de Contratación seleccionará aos que deban pasar á seguinte fase e invitaraos, nos termos establecidos en el artigo 150 de la LCSP, simultaneamente e por escrito a presentar a súa proposición (" SOBRE B: documentación técnica e proposición económica"), dentro do prazo que se sinala na propia invitación, que tamén conterá a indicación do lugar, día e hora da apertura das proposicións.

A Coruña, 17 de outubro de 2008

O reitor

Por delegación R.R. (03-02-2004)

O xerente



Asdo. Manuel Galdo Pérez